



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 20 DE OUTUBRO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día vinte de outubro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez.**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- CAMBIO DE FINALIDADE DE SUBVENCIÓN

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2016 se solicitou unha subvención ó abeiro do Plan Concellos 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra para a finalidade "GASTO CORRENTE NOVO",

Visto que por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 8 de abril de 2016 aprobouse a concesión de dita subvención polo importe de 12.840,68 euros

Visto que, segundo a base décimo cuarta das bases reguladoras do Plan Concellos 2016, "unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvencións e sempre e cando no se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar o cambio ou modificación do seu contido se concorren circunstancias excepcionais, xustificando por escrito as causas que a fundamentan e axeitándose ó establecido nas distintas normas desta convocatoria"

Visto que ten prioridade o financiamento doutro gasto urxente que non conta con crédito suficiente para levalo a cabo,

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, ACORDA modifica-la finalidade da subvención concedida destinándoa ó obxecto PAGAMENTO ACREEDORES GASTO CORRENTE é consecuentemente modificar o acordo de solicitude de subvención de data 24 de febreiro de 2016 de tal xeito que a súa redacción definitiva sería a seguinte:

Vistas as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 233 de 2 de decembro de 2015, e dentro da liña 3 de dita convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada "PAGAMENTO ACREEDORES GASTO CORRENTE", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado PAGAMENTO ACREEDORES GASTO CORRENTE.

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 12.840,68 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 158,96 euros. O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

PUNTO 2.- APLICACIÓN DA BAIXA DO PPOS 2015

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial de obras e servizos 2015 (PPOS 2015)

habéndose producido unha baixa na adxudicación da obra "Instalacións e equipamentos da Casa dos Alonsos" de 41.786,16 euros, e

de acordo cos parágrafos sexto e sétimo da base décimocuarta de ditas bases que textualmente din "De se produciren baixas na adxudicación dos contratos a entidade local beneficiaria deberalle comunicar o seu emprego ó organismo provincial"; "A baixa poderá aplicarse no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvertirse noutra obra distinta. Neste último caso o montante do sobranse debe ser, polo menos, de 10.000,00 euros"

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

1.- SOLICITAR a aplicación da baixa para o investimento "Reposición de pavimentos en diversas rúas de A Guarda"

2.- Aprobar o proxecto técnico "Reposición de pavimentos en diversas rúas de A Guarda" redactado por D. Hermelindo Martinez Gonzalez por un importe de 41.786,16 euros.

3.- Asumir o compromiso de que calquera alteración na execución da obra principal que conleve un incremento no prezo será asumida polo Concello da Guarda.

PUNTO 3.- INFORMES SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 7 de outubro de 2016 relativo á inclusión de A.M.L. no programa de asignación de recursos para o acceso a un servizo público de axuda no fogar cun total de 21 horas mensuais concedidas

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello segundo o cal a usuaria D^a. P.R.G. causa alta con data 03.10.2016 no Servizo de Axuda no Fogar con 31 horas mensuais con cargo a dependencia e polo tanto baixa no Servizo de Axuda no Fogar con cargo a libre concurrencia.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita alta.



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello segundo o cal a usuaria D^a. P.G.M. causa alta con data 03.10.2016 no Servizo de Axuda no Fogar con 31 horas mensuais con cargo a dependencia e polo tanto baixa no Servizo de Axuda no Fogar con cargo a libre concurrencia.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 3 de outubro de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. J.G.M. con 21 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por dependencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 1 de setembro de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. E.L.A. con 45 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por dependencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 1 de setembro de 2016 segundo o cal a usuaria D^a. P.C.G. causa alta con data 01.09.2016 no Servizo de Axuda no Fogar con 21 horas mensuais con cargo a dependencia e polo tanto baixa no Servizo de Axuda no Fogar con cargo a libre concurrencia.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 3 de outubro de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. M.M.M..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 11 de outubro de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. R.P.P..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 17 de outubro de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. G.A.M..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

PUNTO 4.- CUOTAS PRAZA DE ABASTOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de SETEMBRO de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 5.- OUTROS ACORDOS.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o acordo adoptado polo Sr. Alcalde en resolución de data 19 de outubro de 2016 (Decreto 756/2016) .

Dase conta do extracto do acordo de 9 de setembro de 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra polo que se aproban as bases reguladoras do programa “Tecendo Lazos” para o ano 2016.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda adherirse a este programa.

Lese o escrito RE 6.637 de data 19 de outubro de 2016, presentado por D. VICTOR MANUEL LOMBA GONZALEZ, actuando en representación do Club Sporting Guardés, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Fernandez Albor, nº 22 da Guarda, solicitando a creación dun paso de peóns diante da porta de acceso ó Campo de Fútbol Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda remitirllle copia deste escrito ó Servizo de Estradas da Xunta de Galicia reiterándolle as solicitudes feitas por este Concello.

PUNTO 6.- ASUNTOS DE URBANISMO

6.1.-COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 6.286/2015.- D^a. ANITA RODRÍGUEZ PORTELA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 40,45 M². CONSISTENTE NA COLOCACIÓN DE TELLA CURVA DO PAIS SOBRE URALITA EXISTENTE DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CRUZ Nº. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.)

EXPEDIENTE: 7.277/2015.- D. GENEROSO CASTRO ALONSO, PARA REVESTIMENTO EXTERIOR TÉRMICO EN 3 FACHADAS NUNHA SUPERFICIE DE 190,00 M². REALIZADO CON POLIESTIRENO EXPANDIDO (EPS-PLACA DE ESFEROVITE) ACABADO EN COR, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 59, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 8.302/2015.- D. FLORENTINO SANTOS ALONSO ÁLVAREZ, PARA PECHER DE FINCA CONTRA LINDEIROS NUNHA LONXITUDE DE 16,70 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,50 MTS. REALIZADO CON POSTES METÁLICOS, BLOQUES DE CEMENTO E REDE METÁLICA, DAS PARCELAS Nº. 7, 8 E 10 COAS PARCELAS Nº. 1 E 6 DO POLÍGONO Nº. 33 NO PARAXE DENOMINADO “CAMPO DO CREGO” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 3.715/2016.- D. FLORENTINO SANTOS ALONSO ÁLVAREZ, PARA AMPLIACIÓN DE C.P. DE OBRA MENOR EXPTE.: 8.302/2015, CONSISTENTE NA COLOCACIÓN DE 3 FIADAS DE BLOQUES DE FORMIGÓN EN 0,75 MTS. DE ALTURA SOBRE MURO DE PECHERÍA CONTRA LINDEIROS NUNHA LONXITUDE DE 16,70 MTS. DAS PARCELAS Nº. 7, 8 E 10 COAS PARCELAS Nº. 1 E 6 DO POLÍGONO Nº. 33 NO PARAXE DENOMINADO "CAMPO DO CREGO" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 846/2016.- D. AVELINO PREGAL GONZÁLEZ, PARA "REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 130,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA EXISTENTE E SUBSTITUIA LA POR OUTRA NOVA TIPO HDR" DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3º TRV. CORUTO VELLO Nº. 3, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.677/2016.- D. JORGE BARBI ALONSO, PARA REPARACIÓN DE GRETAS E PINTADO DE FACHADA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CARRETERA O CASTRO Nº. 84, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.822/2016.- D. AQUILINO PEREIRA ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 100,00 M²., CONSISTENTE NA RETIRADA DE PETRIL DIANTEIRO E TELLA PLANA VELLA E COLOCAR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS DE COR VERMELLA SUXEITA CON GANCHOS INOX., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CARRETERA SAN ROQUE Nº. 56, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.860/2016.- D^a. MARÍA GLORÍA GONZÁLEZ ALONSO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 80,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICIÓN EXISTENTE E COLOCACIÓN DUNHA NOVA CUBERTA, E CORTAR PATIBAMBA PARA ELIMINACIÓN DE CAEIRO INTERIOR NUNHA LONXITUDE DE 9,50 MTS. NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE FONTIÑA Nº. 15, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.946/2016.- D. ALVARO MARTÍNEZ VICENTE, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 70,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA E MADEIRA EXISTENTE E SUBSTITUIR POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS INOX. E ALEIROS E CUMIOS ASENTADOS CON MASA DE CEMENTO, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRV. SOLANAS Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.971/2016.- D^a. ANTONIA BAZ GONZÁLEZ, PARA ILLAMENTO DE FACHADA LATERAL NUNHA SUPERFICIE DE 130,00 M². CONSISTENTE NA APLICACIÓN DE SITEMA SATE DE 4 CMS. DE ESPESOR CON MORTERO ACRÍLICO DE COR BRANCO NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE O PORTO Nº. 27, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 3.226/2016.- D. BENEDICTO SOUSA ÁLVAREZ, PARA REALIZAR ZAPATA ARMADA E MURO DE BLOQUE ENLUCIDO A 2 CARAS PARA DELIMITACIÓN DE FINCA NUNHA LONXITUDE DE 9,75 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,80 MTS., SITO NA RÚA DE CALVARIO, S/N. (ORDENANZA U.E. Nº. 2).

EXPEDIENTE:1.950/2016.- COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO ALAMEDA RPRS. POR D. VICTORIANO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, PARA LIMPEZA CON MÁQUINA A PRESIÓN ROCIADO CON LIQUIDO FUNGICIDA NUNHA SUPERFICIE DE 1.200,00 M²., REPARACIÓN DE DESPERFECTOS, GRETAS E XUNTAS DE DILATACIÓN. E PINTADO CON PINTURA ELASTOMERICA AS FACHADAS DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE ROSALIA DE CASTRO Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.430/2016.- D. VICENTE PORTELA BAZ, PARA REPARACIÓN DE CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 92,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA DO PAIS EXISTENTE E COLOCAR URALITA E TELLA CURVA BERMELLA SUXEITA CON GANCHOS INOX. DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE VICENTE SOBRINO Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.542/2016.- D^a. CARMEN MARÍA ALONSO PÉREZ, PARA AISLAMENTO PROXECTADO INTERIOR BAIXO CUBERTA CON ESPUMA DE POLIURETANO CUNHA CAPA DE ESPESOR DE 8,00 CMS. E CUBRICCIÓN CON TELLA CERÁMICA NUNHA SUPERFICIE DE 49,50 M²., E AISLAMENTO POLO EXTERIOR EN FACHADAS CO SISTEMA COTETERM NUNHA SUPERFICIE DE 127,55 M². DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MALTESES Nº. 56, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.330/2016.- LA DESPENSA DEL CAMPO, S.L., PARA PINTADO DE PAREDES E DECORACIÓN DE FACHADA DO LOCAL COMERCIAL SITO NA RÚA DE CARRETERA DE SAN ROQUE Nº. 13-BAIXO, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "SAN ROQUE" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

6.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: 8.327/2015.- BACAL DENTAL, S.L. PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A CLÍNICA DENTAL, SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 64-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.977/2015.- MONICA MARIA PACHECO LOMBA, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A ESCOLA DE JUDO, SITO NA RÚA DE IRMÁNS NOIA XIL, Nº 2-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

6.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA

Exp. Nº 4.307/2016 de data 06.07.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. MARIA JOSÉ RODRIGUEZ CAMPO con enderezo na Rúa de A Riña, nº 27 de Oia, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) no local sito na rúa Galicia, nº 7-baixo 2 da Guarda, e visto o informe favorable de data 06 de outubro de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. MARIA JOSE RODRIGUEZ CAMPO licencia municipal nº 15/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) situado na rúa de Galicia, nº 7-baixo 2.

Exp. Nº 6.183/2016 de data 28.09.2016.-

Vista a comunicación previa feita por CENTRO DEPORTIVO BAIXO MIÑO, C.B., con enderezo na Rúa Irmáns Noia Xil, nº 2-baixo de A Guarda, para inicio de actividade de ESCOLAS E SERVIZOS DE PERFECCIONAMENTO DO DEPORTE (Epíg. 967.2) no local sito na rúa Irmáns Noia Xil, nº 2 da Guarda, e visto o informe favorable de data 5 de outubro de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a CENTRO DEPORTIVO BAIXO MIÑO, C.B. CAMPO licencia municipal nº 15/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de ESCOLAS E SERVIZOS DE PERFECCIONAMENTO DO DEPORTE (Epíg. 967.2) situado na rúa de Irmáns Noia Xil, nº 2-baixo.

Exp. Nº 3.941/2016 de data 17.06.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. ISABEL URGAL DOMINGUEZ, con enderezo na Rúa Transv. Colón, nº 1 de A Guarda, para inicio de actividade de XARDÍNS DE RECREO (Epíg. 981.2) no local sito na rúa de Galicia, nº 34-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 11 de outubro de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a ISABEL URGAL DOMINGUEZ licencia municipal nº 16/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de XARDÍNS DE RECREO (Epíg. 981.2) situado na rúa de Galicia, nº 34-baixo.

Exp. Nº 4.307/2016 de data 06.07.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D. JORGE AMIL LORENZO con enderezo na Rúa de Ramón Sobrino, nº 5-2º de A Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) no local sito na rúa Manuel Alvarez, nº 16-baixo de A Guarda, e visto o informe favorable de data 06 de outubro de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. JORGE AMIL LORENZO licencia municipal nº 17/2016 para a apertura dun



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) situado na rúa de Manuel Alvarez, nº 16-baixo.

Exp. Nº 4.082/2016 de data 27.06.2016.-

Vista a comunicación previa feita por LA DESPENSA DEL CAMPO, S.L. con enderezo na Estrada de San Roque, nº 13 de A Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR DE FRUTAS E VERDURAS (Epíg. 641) no local sito na rúa Estrada de San Roque, nº 13 da Guarda, e visto o informe favorable de data 19 de outubro de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a LA DESPENSA DEL CAMPO licencia municipal nº 18/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE FRUTAS E VERDURAS (Epíg. 641) situado na rúa de Estrada de San Roque, nº 13.

Exp. Nº 6.183/2016 de data 28.09.2016.-

Vista a comunicación previa feita por CENTRO DEPORTIVO BAIXO MIÑO, C.B., con enderezo na Rúa Irmáns Noia Xil, nº 2-baixo de A Guarda, para inicio de actividade de ESCOLAS E SERVIZOS DE PERFECCIONAMENTO DO DEPORTE (Epíg. 967.2) no local sito na rúa Irmáns Noia Xil, nº 2 da Guarda, e visto o informe favorable de data 5 de outubro de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a CENTRO DEPORTIVO BAIXO MIÑO, C.B. CAMPO licencia municipal nº 15/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de ESCOLAS E SERVIZOS DE PERFECCIONAMENTO DO DEPORTE (Epíg. 967.2) situado na rúa de Irmáns Noia Xil, nº 2-baixo.

6.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 5.082/2016. RESTAURANTE TRASMALLO, S.C. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE RESTAURANTE 1 TENEDOR [EPIG. 671.5] A REALIZAR NA RÚA DO PORTO, Nº 59-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D. LORENZO GARCÍA MARTÍN.

EXPEDIENTE: 6.120/2016. D. RUBEN RODRIGUEZ FERNANDEZ DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR [EPIG. 673.2] A REALIZAR NA RÚA PACÍFICO RODRIGUEZ, Nº 7-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D. OSCAR RODRIGUEZ FERNANDEZ.

Sendo as doce horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.